

## 2º AGRUPAMENTO CORRECCIÓNS SEMANA 20-24 ABRIL

Páxina 128 , exercicio 1

Un folleto é un texto expositivo no que se presenta unha serie de información de forma sinxela, ordenada e clara. Podemos denominalo díptico ou tríptico. Os obxectivos que se perseguen con el poden ser variados: informar, modificar unha actitude, adquirir un produto, visitar un lugar, participar nunha determinada actividade etc.

Exercicio 2

*\_A ver se te sentas ben.*

Non estás incómodo?

Non sería mellor que sentases ben?

*\_ Tedes alguna dúbida?*

*\_ Poderíaste peitear?*

Creo que sería mellor que te fixases en como levas o pelo.

*\_ Lévocho no recreo.*

Que che parece se cho levo no recreo?

*\_ Esa cor de pelo é diferente*

Gústame como tes o cabelo, esa cor de pelo é diferente, non?

*\_ Non me poderás deixar o teu libro de lectura?*

Cando acabes de lelo, poderíasme deixar o teu libro de lectura, por favor?

Exercicio 3

Un préstamo lingüístico é un elemento, xeralmente léxico, que unha lingua toma doutra mantendo a súa forma orixinal ou adaptándoo ao seu propio sistema.

Exercicio 4 . Resposta aberta

Exercicio 5 Resposta aberta

Exercicio 6

Os tres conceptos aluden a aquela lingua na que aprenden a falar de maneira espontánea. O concepto de lingua materna está en retroceso debido aos cambios sociais.

Páxina 128, exercicio 9

	3 exemplos sen acentuar	3 exemplos acentuados	Regra
--	-------------------------	-----------------------	-------

Agudas	Amor Coidar ademais	Campá Solución alusións	A centúanse cando rematan en vogal, -n ou -s Non se acentúan cando na sílaba tónica hai un ditongo ou rematan nunha consoante distinta das anteriores.
Graves	Fiesta Informativo cantan	Dócil Álbum carácter	Acentúanse cando rematan en consoante distinta de -n, -s Non se acentúan cando rematan en vogal, -n, -s, nin os adverbios rematados en -mente.
Esdrúxulas		Histérico Antibiótico préstamo	Acentúanse sempre

#### Exercicio 10

Xuízo leva acento porque o *í* tónico vai ao lado dun *u* átono, marcando así a existencia dun hiato.

#### Exercicio 11

As palabras monosílabas non levan til, a non ser que precisen levalo diacrítico: *sal*, *cu*, *bo*.

#### Exercicio 12

O til diacrítico emprégase para distinguir na escrita dúas palabras que teñen a mesma forma, pero que se diferencian porque a vogal tónica ten diferente timbre ou porque unha palabra é tónica e outra é átona.

#### Exercicio 13

Debedes diferenciar entre:

*Bóla*: obxecto en forma de esfera/ *bola*: pan

*Cómpre*: É necesario/ *compre*: merque

*Fóra*: no exterior/ *fora*: antepretérito de *ser* e *ir*

*Pé*: parte do corpo / *Pe*: nome da letra.

#### Exercicio 15

No cuarto de Roi, a cama está cuberta por unha manta azul cun gran debuxo do ese de Supermán. Ao seu carón, unha enorme Caixa de madeira branca e laranxa chea de bonecos e xoguetes. Polo chan ciscados, aínda máis xoguetes, un porquiño rosa, varios bonecos articulados de distintas cores, uns pingüíns, un coello, un pallaso cunha maleta e un avión de madeira. Baixo a Caixa imaxinamos a Roi.